

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE XULLO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia do treito final da estrada DP-5802 (p.q. 0+850 ao p.q. 1+060).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se modifica a denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.
- Decreto polo que se aproba a creación da Facultade de Deseño, a Facultade de Dirección e Xestión Pública, e a Facultade de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se exime de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que exime de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2022 dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de cinco millóns catrocentos mil de euros (5.400.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación dunha “Infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información” consistente na subministración e instalación dunha solución composta dun computador cuántico, un sistema de altas prestacións, un emulador cuántico e un sistema de almacenamento dedicada ao desenvolvemento de solucións de software cuántico e híbrido cuántico-clásico, integrada no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), a través dun procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, financiado nun 100 % no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2024-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, cun orzamento de licitación, IVE incluído, de trece millóns novecentos quince mil euros (13.915.000,00€) e un valor estimado, IVE excluído, de once millóns cincocentos mil euros (11.500.000,00€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cervo para acometer a execución das obras de renovación das pistas de atletismo na Veiga, cun investimento de cincocentos sesenta mil euros (560.000,00€), IVE incluído.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o III Plan de administración e goberno dixital 2025.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de urbanización do polígono 1, fases A e B, do plan parcial de Navia, Vigo, expediente: R-PO San Paio-PU POL1-obra 2ª, con un orzamento de licitación de catorce millóns trescentos vinte un mil setecentos corenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos (14.321.744,53 €), IVE incluído e un valor estimado de once millóns oitocentos trinta e seis mil cento cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos (11.836.152,50 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe total de catro millóns setecentos oitenta e cinco euros (4.000.785,00€), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (agora Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2022/23, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de catrocentos setenta e cinco mil trescentos noventa e cinco euros (475.395,00€).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2022, por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, así como a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións das entidades locais galegas, derivados da orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por importe de dous millóns cincocentos trece mil catrocentos sesenta e tres euros (2.513.463,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2022 entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para investimentos en mellora da calidade dos albergues turísticos financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o anteproxecto de obra do Data Center de altas prestacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERDADES

- Informe sobre a Biblioteca Móbil de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o impacto do manifesto sobre atención primaria impulsado pola Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións para o desenvolvemento de polígonos agroforestais.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a campaña da centola 2021-2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AUTORIZADA A TRANSFERENCIA A PROL DA XUNTA DO TREITO FINAL DO ANTIGO ACCESO AO PORTO DE LORBÉ, NO CONCELLO DE OLEIROS

- Transfírese o treito de 210 metros da estrada provincial DP-5802, dando continuidade á vía autonómica AC-526 ata o novo acceso ao porto, aberto ao tráfico en 2017 pola Xunta tras un investimento de máis de 1,6 M€
- A Xunta terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- A Xunta está a redactar o proxecto que culminará a mellora do acceso ao Porto de Lorbé, actuando na parte final da estrada e habilitando novas prazas de aparcadoiro

O Goberno galego autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia do treito final do antigo acceso ao porto de Lorbé, no concello de Oleiros.

Trátase do treito de 210 metros da estrada DP-5802, entre os puntos quilométricos 0+850 e 1+060, onde remata esta vía provincial, cuxa transferencia permitirá manter a continuidade da estrada autonómica AC-526 ata o porto e cumprir coa súa finalidade como acceso ao dito porto.

A Xunta abriu ao tráfico en abril de 2017 un novo acceso ao porto de Lorbé, a través da AC-526, para o que destinou un investimento de máis de 1,6 M€. As expropiacións necesarias para a súa construción e as obras foron realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como unha colaboración con Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar.

A estrada autonómica AC-526 non chega ata o porto, xa que no seu treito final solápanse coa estrada provincial DP-5802, que constituía o antigo acceso ao porto. Esta zona de solapamento representa o treito cuxa titularidade autoriza hoxe o Executivo autonómico incorporar á Rede autonómica de estradas de Galicia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, formula a proposta favorable de transferencia dese último treito da estrada provincial DP-5802. O cambio de titularidade conta tamén coa conformidade da Deputación Provincial da Coruña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe, a Xunta terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O Goberno galego está a redactar o proxecto que culminará a mellora do acceso ao porto de Lorbé, actuando na parte final da estrada e habilitando novas prazas de aparcadoiro. Prevese que a nova obra se poida licitar neste ano 2022, cun investimento que superará os 150.000 €.

Imaxe esquemática da zona de cambio de titularidade:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA DÚAS LIÑAS DE AXUDAS PARA IMPULSAR A TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL E A DIXITALIZACIÓN DAS PEMES E AUTÓNOMOS GALEGOS

- O obxectivo, asegura, é mellorar a competitividade das empresas nun contexto económico marcado pola saída da pandemia e a suba de prezos
- A Xunta lanza dous programas de axudas que suman 7 M€
- A nova liña destinada a proxectos para o desenvolvemento da economía circular suma 1,5 millóns para promover novos modelos de negocio circulares mediante a optimización de recursos, a redución no consumo de materias primas e o aproveitamento dos residuos
- Os apoios serán do 35 % dos investimentos para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas, cun límite máximo subvencionable de 200.000 euros nos proxectos colectivos e de 75.000 euros en iniciativas individuais
- Os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50 % do importe dos apoios, centrados, entre outros, na instalación de sistemas de medición de parámetros produtivos e ambientais, de hardware e software intelixente para a optimización dos recursos ou na adquisición de nova maquinaria para reemprego ou reciclaxe de residuos
- O segundo programa aprobado no Concello da Xunta de hoxe dedica 5,4 millóns a unha nova edición dos obradoiros e axudas á dixitalización de pemes e autónomos
- Os apoios, con anticipos tamén de ata o 50 %, facilitan a posta en marcha de sistemas de fabricación distribuída, de facturación ou de procesos entre un líder industrial cara ás empresas que conforman a súa cadea de valor, mentres que os obradoiros funcionan como xeradores de proxectos que, máis tarde, poden presentarse a convocatorias de axudas

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras o Consello da Xunta a convocatoria de dúas liñas de axudas para promover e facilitar a transformación industrial e a dixitalización de pemes e autónomos galegos. O obxectivo, sinalou, é "mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas e dos autónomos" da Comunidade no marco dun contexto económico marcado pola saída da pandemia e a suba de prezos agravada pola invasión de Ucraína.

Rueda explicou que estes dous programas "contarán cun orzamento conxunto de case 7 millóns de euros" e asegurou que a previsión do Goberno galego é poder apoiar "uns 300 proxectos" a través destas liñas de axuda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego porá en marcha no mes de xullo estes dous programas. Dun lado, as axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular, innovadora liña que se activa por primeira vez cun importe de 1,5 millóns para este exercicio. E doutro, os obradoiros e axudas á dixitalización de pemes e autónomos que, habilitada inicialmente en 2018, conta este ano cun orzamento de 5,4 millóns. En total prevese que se poidan apoiar arredor de 300 proxectos, tanto individuais como colectivos.

O primeiro deles, o programa de axudas para o desenvolvemento de proxectos da economía circular, busca promover novos modelos de negocio circulares mediante a optimización de recursos, a redución no consumo de materias primas e o aproveitamento dos residuos.

En réxime de concorrencia competitiva, os apoios serán do 35 % dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas, cun límite máximo subvencionable de 200.000 euros nos proxectos colectivos e de 75.000 euros en proxectos individuais.

Os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50 % do importe dos apoios, centrados, entre outros, na instalación de sistemas de medición de parámetros produtivos e ambientais, de hardware e software intelixente para a optimización dos recursos ou na adquisición de nova maquinaria para reemprego ou reciclaxe de residuos.

Deste xeito, o Goberno galego dá un paso máis na Estratexia galega de economía circular, que establece como principios básicos para a transición cara a este modelo económico a redución, reutilización e reciclaxe e as estratexias de deseño sustentable.

Máis de 40 millóns mobilizados

Neste contexto, a Vicepresidencia Primeira convoca, a través do Igape, unha nova edición do programa de obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0. Deste xeito, apóiase a posta en marcha de sistemas de fabricación distribuída, de facturación ou de procesos entre un líder industrial cara ás empresas que conforman a súa cadea de valor, mentres que os obradoiros funcionan como xeradores de proxectos que, máis tarde, poden presentarse a convocatorias de axudas.

Esta é a sétima convocatoria do programa, que conta cunha ampla demanda desde o seu arranque en 2018 -no caso das axudas aprobáronse xa máis de 850 solicitudes ás que hai que engadir os 86 obradoiros impulsados-, concedéndose axudas por máis de 20M€, que levan mobilizadso 40 M€ en investimentos para impulsar a reactivación do tecido

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresarial a través da transformación tecnolóxica e o impulso aos procesos de dixitalización.

En réxime de concorrência competitiva, cóbrense tanto proxectos colectivos como individuais que busquen implantar solucións de interacción, sistemas de intelixencia artificial ou aqueles encamiñados á dixitalización de procesos.

Como no programa de economía circular, prevense anticipos do 50 % do importe e, no caso das axudas á dixitalización, cóbrese o 35 % dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e o 25 % para as medianas. No caso dos obradoiros, acada o 100 % dos gastos subvencionables cun máximo de 25.000 euros por proxecto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE GALICIA CONTARÁ CUN DOS PRIMEIROS COMPUTADORES CUÁNTICOS DO SUR DE EUROPA

- O presidente resalta que obxectivo da Xunta é afianzar a Galicia "coma un referente neste tipo de tecnoloxía"
- A licitación, que o Centro de Supercomputación de Galicia realizará este mesmo mes, conta cun investimento de 13,9 millóns de euros e enmárcase no convenio asinado pola Administración autonómica co Centro
- Terá como elemento central un computador cuántico aberto á comunidade investigadora e aos sectores empresariais estratéxicos
- Esta adquisición supón avanzar no Polo das Tecnoloxías Cuánticas, no que a Xunta xa está executando accións por máis de 30 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras a reunión do Consello que Galicia "albergará un dos primeiros computadores cuánticos que haberá no sur de Europa" que se instalará no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) e no que se investirán 13,9 millóns de euros. O obxectivo, resaltou, "é afianzar a Galicia coma un referente en tecnoloxía cuántica" cun equipamento que busca ser "un referente nacional e internacional".

Rueda subliñou que este innovador computador estará aberto "a comunidade investigadora" como as universidades e centros tecnolóxicos e tamén estará dispoñible para sectores empresariais estratéxicos "que cada vez teñen máis necesidade" deste tipo de tecnoloxía. A través da adquisición deste novo computador cuántico, explicou, Galicia segue avanzando no seu Polo de Tecnoloxías Cuánticas, xa que se prevé licitar este contrato este mesmo mes de xullo co obxectivo de formalizalo no outono.

A adquisición ten como elemento central un computador cuántico flexible e integrado con outros elementos de computación para facer desta nova infraestrutura un referente nacional e internacional, aberto á comunidade investigadora -universidades, centros de investigación e centros tecnolóxicos- e aos sectores empresariais estratéxicos. Constará de catro elementos: un computador cuántico, un computador de altas prestacións para o desenvolvemento de software, un emulador de algoritmos cuánticos e un sistema de almacenamento onde aloxar os resultados dos novos algoritmos para a súa análise e validación. O obxectivo é que permita crear algoritmos cuánticos aplicables a necesidades tanto públicas como empresariais.

Tendo en conta que as tecnoloxías cuánticas actuarán como elemento tecnolóxico disruptivo para acelerar o desenvolvemento económico en todos os sectores, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo desta infraestrutura, en concreto, e do Polo das Tecnoloxías Cuánticas, en xeral, é posicionar Galicia e mantela nos postos de cabeza neste ámbito. Permitirá facilitar a transición dixital e mellorar a competitividade empresarial grazas ao seu uso, así como atraer talento investigador. De feito, prevese que a computación cuántica supoña un salto tecnolóxico comparable ao que houbo coa chegada da informática.

O Polo conta cunha estimación de investimentos de máis de 150 millóns de euros e xirará arredor da excelencia científica e técnica, o emprego cualificado, a innovación e transferencia tecnolóxica e a aceptación social ética e sustentable. Ademais, busca a participación de todos os axentes do ecosistema innovador e a coordinación de accións e, nese sentido aspira a captar fondos europeos Next Generation.

Na actualidade xa se están executando accións que supoñen máis de 30 millóns de euros pois, xunto con esta licitación que forma parte do convenio co Cesga (15 millóns de euros), tamén se suman iniciativas como os convenios coas tres universidades (9,6M€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CERVO CONTARÁ COA PRIMEIRA PISTA DE ATLETISMO HOMOLOGADA DA MARIÑA GRAZAS AO CONVENIO ENTRE A XUNTA E O CONCELLO POR 560.000 EUROS

O Consello da Xunta autorizou o acordo polo que se levarán a cabo as obras de rehabilitación do complexo deportivo da Veiga para convertelo nun centro de referencia deportiva na contorna da Mariña Lucense

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Cervo, para a renovación das pistas de atletismo das instalacións deportivas da Veiga cun investimento total de 560.000 euros. Neste sentido e a teor do acordo autorizado, a Secretaría Xeral para o Deporte achegará o 62,5 % da totalidade do importe (350.000 euros), mentres que o Concello de Cervo achegará o restante 37,5 % (210.000,00 euros). Cómpre salientar que grazas a esta actuación Galicia contará coa primeira pista de atletismo homologada da comarca da Mariña.

As obras contarán con tres vías de actuación que serán as obras de renovación completa da pavimentación da pista con material sintético homologado prefabricado para exteriores, a mellora da rede de saneamento e a evacuación de augas e a instalación de salto de pértiga, carreiras de obstáculos, salto de altura, salto de lonxitude e triplo salto e lanzamento de peso.

As instalacións deportivas da Veiga, ademais das nomeadas pistas, contan cun pavillón polideportivo e destacan pola idoneidade da súa localización xa que non dista máis de 20 minutos da metade da poboación de toda a Mariña, que suma, no seu total 70.000 habitantes.

Nesta nova infraestrutura teñen moito que ver os recentes éxitos do atleta viveirense Adrián Ben, que acadou un diploma olímpico nos 800 metros dos pasados Xogos de Toquio, onde rematou en quinta posición. Ademais, a Xunta de Galicia continua coa súa aposta decidida pola renovación do mapa de infraestruturas de atletismo de Galicia en que destaca a renovación da pista de atletismo da USC (Santiago); a licitación do módulo cuberto de atletismo en Ribeira (A Coruña); o compromiso da nova pista da Estrada (Pontevedra), e a adxudicación do módulo cuberto do IFEVI en Vigo e a participación na renovación das pistas de Balaídos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 40 MILLÓNS DE EUROS PARA AVANZAR NUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL DO SÉCULO XXI

- O Consello da Xunta aproba o III Plan de Administración e Goberno Dixital de Galicia
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aposta pola automatización e axilización dos procesos, a xestión intelixente do dato e a identidade dixital da cidadanía
- A través de 7 eixes estratéxicos, o III Plan de administración e goberno dixital implantará a identidade dixital da cidadanía, establecerá os sistemas para ofrecer unha atención proactiva e personalizada, e unha administración dixitalizada, automatizada, intelixente e accesible
- Unha das iniciativas para incrementar a accesibilidade será a activación da aplicación móbil XuntaEU, que permitirá “levar a Xunta no móbil”, concentrando nun único punto todos os servizos transversais da Xunta
- O novo plan busca transformar o xeito en que se desenvolven os servizos públicos grazas ao potencial das tecnoloxías innovadoras e tras acadar unha madurez dixital despois das medidas dos dous plans anteriores, nos cales se investiron preto de 60 millóns

O Consello da Xunta aprobou hoxe o III Plan de administración e goberno dixital 2025 para transformar a forma en que desenvolve os seus servizos apoiándose en dous elementos diferenciais, a xestión do dato e a intelixencia artificial. Cun investimento de 40 millóns de euros o plan establece a folla de ruta para deseñar uns servizos públicos centrados na cidadanía capaces de adiantarse ás súas necesidades, accesibles e confiables.

O Plan enmárcase na primeira liña estratéxica de Estratexia Galicia dixital 2030 e integra os valores que promove a EGD para dar un paso adiante no servizo público promovendo a axilidade a través da automatización dos procesos; a inclusión, impulsando a universalización dos servizos públicos; a participación, afondando nas posibilidades da xestión intelixente do dato; a proactividade, a proximidade, a personalización dos servizos e o reforzo da seguridade para crear unha contorna confiable para a cidadanía

Identidade dixital

O plan estrutúrase en 7 liñas de traballo que comezan pola posta en marcha da identidade dixital do cidadán. Trátase de implantar unha identificación única de cada persoa que se relaciona coa Administración, que inclúe tanto a simplificación da sinatura dixital como o desenvolvemento de servizos avanzados na Carpeta cidadá, que cobrará especial importancia como punto no cal se concentra toda a información e documentos en formato electrónico da relación da persoa coa Administración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Administración proactiva, personalizada

A segunda liña do Plan céntrase na Administración proactiva e personalizada para o que porá en marcha un modelo de atención omnicanle, especializado e proactivo para a atención co cidadán.

A aplicación da intelixencia Artificial permitirá a creación de asistentes virtuais, tanto dun primeiro nivel de atención para resolver as cuestións máis sinxelas e asistentes virtuais especializados para acompañar os cidadáns nos ámbitos máis específicos.

Tamén se dotará ás oficinas de atención a cidadanía e rexistro para que o seu persoal poida prestar unha atención completa e personalizada, a posta en marcha do funcionario habilitado, facilitar o acceso aos servizos da oficina estendendo os servizos de xestión de citas e a videoatención e habilitar áreas de autoservizo.

Evolucionarase a sede electrónica creando canles especializadas e a canle Galicia Empresa para ofrecer un acompañamento especializado para a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e as iniciativas empresariais prioritarias.

A Xunta no móbil

Unha das iniciativas destacadas para facilitar a accesibilidade aos servizos públicos é o desenvolvemento dunha aplicación de referencia que concentrará os servizos transversais da Xunta nun só punto. A app XuntaEU responde ao compromiso recollido na EGD 2030 de levar a Xunta no móbil

XuntaEU permitirá xestionar desde o móbil o acceso á Carpeta cidadá, notificacións electrónicas, queixas suxestións, avisos ou descargas de certificados persoais, entre outros moitos servizos.

Administración dixitalizada e automatizada

Na terceira liña, centrada na consecución dunha Administración dixitalizada e automatizada, aplicaranse tecnoloxías e automatización robótica de procesos (RPA), afondarase na interoperabilidade e ampliaranse novos servizos da plataforma Pasaxe!. Tamén se avanzará na sinatura dixital en mobilidade para que os empregados públicos poidan facer uso dela desde calquera dispositivo. Ademais, nas oficinas de atención á cidadanía implantarase a sinatura manuscrita dixitalizada, que evitará a impresión e posterior dixitalización dun documento.

Administración Intelixente

A xestión do dato é un dos piares do plan, que prevé o deseño dun plan de xestión corporativa do dato para desenvolver produtos e servizos avanzados, convertendo o dato en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecemento aplicando tecnoloxías para a análise do que está a acontecer e facilitar a toma de decisións.

Nesta mesma liña abordarase a mellora continua dos espazos de transparencia, para o que afondará na automatización de información, a ampliación de contidos e a simplificación de acceso a eles, así como nas canles de participación na planificación da acción pública.

Espazo dixital do emprego público

En liña co establecido na EGD2030 de evolucionar cara a un modelo intelixente de posto de traballo do empregado público crearase unha canle dixital na xestión do emprego público, estenderase o expediente dixital do persoal público, revisarase o modelo de acreditación dixital e consolidarase a actual intranet como un espazo de colaboración e comunicación integrada.

Administración accesible

A consolidación dunha administración dixital require unha utilización ampla e axeitada por parte da cidadanía. Nesta liña cobra especial importancia o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais ademais doutras iniciativas como facer fincapé no deseño sinxelo e comprensible dos servizos públicos por parte da cidadanía. Tamén se incidirá na difusión dos servizos públicos dispoñibles e do seu aproveitamento.

Gobernanza e coordinación

Neste plan seguen vixentes instrumentos de coordinación como a Comisión de seguridade e goberno electrónico, en que están representadas todas as consellerías da Xunta de Galicia. Darase continuidade ao modelo de cooperación interadministrativa tanto a nivel da comunidade como coa Administración xeral do Estado. Outro instrumento chave nesta liña é o sistema de indicadores de administración que recolle o nivel de uso dos diferentes sistemas da Administración dixital o que permite a avaliación, análise e control das actuacións que se desenvolven. Aliñado co Marco galego de competencias dixitais desenvolveranse os plans de capacitación do empregado público.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 14,3 M€ O ORZAMENTO DA URBANIZACIÓN DA FASE I DE SAN PAIO DE NAVIA, EN VIGO, PARA ADAPTALO AOS PREZOS DO MERCADO ACTUAL

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda decidiu actualizar as contías económicas do procedemento que foi publicado o pasado 23 de marzo
- A ampliación deste barrio de Vigo divídese en 3 fases e permitirá habilitar a maior bolsa de solo residencial de toda Galicia con 1.600 vivendas previstas
- O investimento público e privado estimado na ampliación de San Paio de Navia roldará os 255 M€

O Consello da Xunta aprobou o acordo polo que incrementa ata os 14,3 millóns de euros o orzamento de licitación das obras para urbanizar o polígono 1 de San Paio de Navia, en Vigo. O obxectivo é poder adaptar as condicións do contrato inicial ao incremento de prezos que experimentaron as materias primas da construción nos últimos meses e para outorgar a máxima seguridade xurídica ás empresas que opten ao contrato.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda considera que o máis apropiado é revisar a licitación iniciada o pasado 23 de marzo —por un importe de case 11,5 millóns de euros— para proceder a actualizar os prezos do contrato e volver licitar a obra con todas as garantías. Nesa liña, a execución das obras de urbanización contará cun investimento inicial estimado de 14.321.744,53 euros.

Os traballos que se van desenvolver nos 99.165 m² de superficie deste polígono 1, segundo o proxecto de urbanización, son os de movemento de terras e pavimentación, sinalización de vías e semaforización, rede de abastecemento, rede de saneamento de augas residuais, rede de saneamento de augas pluviais, rede de enerxía eléctrica, rede de iluminación, rede de gas, rede de telecomunicacións, accesibilidade, xardinaría e equipamento urbano. Este contrato parte da idea de desenvolvemento sustentable na súa dimensión social, económica e ambiental.

A maior bolsa de solo residencial de toda Galicia

A ampliación do barrio de San Paio de Navia divídese en tres fases e permitirá habilitar a maior bolsa de solo residencial de toda Galicia. Só no polígono 1 están proxectadas 733 vivendas protexidas —das 1.600 previstas en todo o ámbito—, cuxas obras se poderán acompañar ás da urbanización. Deses inmobles, 207 serán vivendas de promoción pública (VPP) promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS); 331 serán levantadas por cooperativas e promotores, e 195 corresponden ás permutas polo solo adquirido pola Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prevese que as parcelas do primeiro polígono da ampliación que se saquen a concurso vaian destinadas preferentemente á construción de vivendas protexidas de réxime especial en alugamento e coa adxudicación do solo en dereito de superficie.

As vivendas que se promovan nestas condicións, e se destinen ao alugamento durante un período mínimo de 50 anos, poderán ademais, acceder ao financiamento do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con axudas de 700 €/m² ata un máximo de 50.000 € por vivenda e á que poderán optar tanto promotores privados como públicos.

Na liña de construír vivenda pública nas zonas con maior demanda de Galicia, e para gañar tempo, a Xunta xa licitou no mes de xaneiro deste ano os contratos para a redacción do proxecto e dirección de obra de 79 vivendas de promoción pública por máis de 620.000 euros. E, este mesmo mes de xullo, licitáronse os contratos para outras 128 vivendas por preto de 1,2 millóns de euros. Deste xeito, xa están a tramitarse as 207 VPP previstas no polígono 1 de Navia.

Ademais, entre 2016 e 2022 a Xunta leva investidos 24.003.821,67 euros na adquisición de solo en San Paio de Navia e prevese destinar arredor de 32 millóns de euros ás obras de urbanización dos tres polígonos. En total o investimento público e privado previsto na ampliación rolda os 255 millóns de euros, aos cales haberá que sumar o financiamento nas parcelas comerciais e de equipamento.

Cómpre precisar que para poder adxudicar e iniciar a urbanización da primeira fase de Navia é necesario que o proxecto presentado en abril do ano 2021 polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) sexa aprobado definitivamente polo Concello de Vigo.

Porén e a pesar de que o Goberno local anunciou a comezos de marzo a aprobación inicial da urbanización da primeira fase, hoxe en día o documento segue pendente de recibir o visto e prace municipal definitivo, é dicir, case cinco meses despois.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 4M€ ATA 2025 AO CAMPUS TERRA DE LUGO PARA IMPULSAR O SEU PROXECTO ACREDITADO DE ESPECIALIZACIÓN

- É a primeira achega tras o recoñecemento acadado o ano pasado, que se suma aos 8,7M€ que o Goberno galego leva investidos nesta iniciativa
- O acordo estrutúrase en cinco dimensións: gobernanza, docencia e comunicación, investigación, interacción co tecido produtivo e transparencia
- Impulsaranse as oito novas titulacións postas en marcha ao abeiro deste campus e deseñarase un programa de prácticas no rural
- Potenciarase o papel das unidades de investigación vencelladas, tales como a Aula de Produtos Lácteos, a Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural, a Unidade de Secuenciación e Análise de Fragmentos, o CEBIOVET ou o hospital veterinario universitario Rof Codina
- A reunión semanal do Goberno galego deu tamén o visto e praxe á creación das facultades de Deseño, de Dirección e Xestión Pública e de Relacións Internacionais, as tres da Universidade de Vigo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar accións no Campus Terra de Lugo como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG). Esta é a primeira achega para afondar neste proxecto de especialización desde a súa acreditación, o pasado ano, e suporá algo máis de 4M€ ata 2025. Desde o ano 2013 a Xunta investiu máis de 8,7M€ nesta iniciativa.

O novo campus de especialización nace co obxectivo de converterse nun referente científico e social nos ámbitos do coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e ambiental dos recursos da terra. En concreto, focaliza a súa especialización en catro áreas: produción vexetal e agricultura sustentable, produción e saúde animal, alimentación segura e saudable e xestión forestal sustentable.

Estes ámbitos están en liña cos obxectivos da Axenda 2030 e pretenden tecer sinerxías co sector primario galego. Ademais, entroncan directamente co tecido socioeconómico da contorna, polo que suporá unha especial oportunidade para a provincia de Lugo.

De feito, o Campus de Lugo xa conta cunha importante estrutura de unidades de investigación ao servizo destas áreas, como son a Aula de Produtos Lácteos (que presta servizos tecnolóxicos ás empresas e entidades do sector lácteo e alimentario), a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (cuxo eixo fundamental é a transferencia do coñecemento desde o ámbito académico cara ao mundo empresarial), a Unidade de Secuenciación e Análise de Fragmentos (que pon ao servizo dos seus clientes as tecnoloxías máis avanzadas no campo da secuenciación do ADN), o CEBIOVET (centro referente de investigación animal directa, que busca innovar no coñecemento veterinario) ou o hospital veterinario universitario Rof Codina.

O Campus Terra é o segundo que se acredita como Campus de Especialización do Sistema galego de universidades, pero é o primeiro en ser examinado *in situ* pola Comisión de Avaliación, un grupo de expertos independente que tivo a oportunidade de desprazarse ata Lugo para entrevistarse con estudantes, profesores, técnicos e de visitar as devanditas unidades de investigación.

Para afondar no proxecto de especialización do Campus Terra, a USC estableceu un plan operativo que se financiará a través do acordo aprobado no Consello da Xunta e que se estrutura arredor de cinco dimensións: gobernanza, docencia e comunicación, investigación, interacción co tecido produtivo e transparencia.

Gobernanza e docencia

No referido á gobernanza, o obxectivo é configurar unha estrutura organizativa e de gobernanza dinámica e aberta e impulsar un ecosistema de cooperación e colaboración que favoreza a participación dos axentes económicos e sociais.

No eido da docencia, o Campus Terra xa avanzou no ámbito da renovación da oferta académica e está a impulsar unha ambiciosa proposta formativa que se centrará na oferta de oito novas titulacións, todas elas xa en marcha. Trátase, en concreto, dos graos en Paisaxe, Robótica, Bioquímica, Empresa e Tecnoloxía e o grao aberto 5USC Enxeñerías, e os másters en Xenómica e Xenética, en Enxeñaría do Proceso de Alimentos e en Igualdade de Oportunidade e Xénero na Empresa.

Nos próximos anos será prioritario o desenvolvemento de novos títulos, en liña co ámbito da especialización e continuar con iniciativas como Xuveciencia e D3mobile, así como a posta en marcha do programa de prácticas no medio rural.

A maiores, promoverase a ampliación da oferta de formación continua para o alumnado, así como a mellora da calidade docente a través de novas metodoloxías de ensino e do establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento para o profesorado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se porá en marcha un programa de participación de profesionais expertos do tecido produtivo e empresarial para a impartición de seminarios para os alumnos desde un punto de vista máis práctico e impulsarase a renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións (EAVE do grao de Veterinaria, EUR-ACE do grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e para o máster universitario en Enxeñaría de Montes).

Prácticas no rural

Coa finalidade de favorecer a empregabilidade e a incorporación ao mercado de traballo dos egresados, o acordo recolle tamén a oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e máster, destinadas a complementar os coñecementos que os estudantes adquiren nas distintas titulacións.

Así mesmo, deseñárase un programa de prácticas no rural para incentivar a realización de prácticas en empresas e institucións situadas no rural de Galicia durante tres meses por alumno.

Investigación

No ámbito da investigación ponse énfase na necesidade de situar a investigación do Campus Terra a un nivel de excelencia e competitividade internacional. Para iso traballárase na reorganización e potenciación das estruturas de investigación xa existentes no campus, co fin de agregar capacidades e consolidar unha figura de instituto ou centro de excelencia. Por outro lado, trátase de impulsar programas que acompañen e reforcen as vocacións científicas e docentes dos investigadores, ademais de atraer e consolidar talento.

Entre as accións prioritarias no período 2022-2025 está a optimización das unidades de investigación, auténticas xoias da coroa do Campus Terra, fornecendo a súa relación co tecido produtivo; o desenvolvemento dunha axenda estratéxica de I+D+i propia, a potenciación da carreira investigadora, así como o impulso da colaboración entre os diferentes grupos do campus e os externos, tecendo redes nacionais e internacionais.

Interacción co tecido produtivo

O programa de campus de especialización leva implícito a relación estreita coa contorna e a transferencia do coñecemento xerado á sociedade. Nos últimos anos, o Campus de Lugo vén desenvolvendo unha importante alianza e co tecido produtivo, de forma que no período 2016-2018 subscribiu un total de 422 contratos e convenios con distintas institucións, a través dos que captou recursos por 9,5M€. Ademais, obtivo 182.500€ por ingresos de explotación das licenzas de patentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De cara á nova xeira centrará a súa actividade en tres accións prioritarias: potenciar os proxectos colaborativos coa empresa privada que sexan tractores dentro do sector; ofertar formación a demanda do tecido produtivo, e impulsar programas de emprendemento. Para iso elaborárase unha carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo, deseñaranse programas de formación continua para profesionais e desenvolveranse actividades de transferencia e innovación, entre outras accións.

No que atinxe á transparencia, promoverase a rendición de contas na xestión dos recursos e as actividades realizadas para conseguir unha maior implicación da comunidade universitaria no proxecto.

Facultades da UVigo

Por outra banda, a reunión semanal do Goberno galego deu tamén o visto e prace á creación das facultades de Deseño, de Dirección e Xestión Pública e de Relacións Internacionais, as tres da Universidade de Vigo.

Así mesmo, tamén se aprobou o cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña polo de Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

Todos estes trámites recibiron previamente os informes favorables das propias universidades, dos consellos sociais, da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ASUG) e do Consello Galego de Universidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA UN 3 % O ACORDO COA COMISIÓN FULBRIGHT PARA DOTAR O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO DE AUXILIARES DE CONVERSA ESTADOUNIDENSES DE ALTO PERFIL ACADÉMICO

- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financia o 86 % do programa para que 41 profesionais contribúan ao desenvolvemento da Estratexia Edulingüe 2030
- Sumaranse ás diferentes liñas do Goberno galego para a chegada deste persoal de apoio aos nosos colexios, institutos e escolas oficiais de idiomas, ata un total de 637 auxiliares no curso 2022/23

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Comisión Fulbright para dotar o sistema educativo galego de auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico. Serán un total de 41 persoas as que cheguen aos nosos colexios e institutos a través deste acordo, que se asinará por sexta ocasión.

O importe do convenio ascende a 475.395€, dos que a Xunta de Galicia financia o 86 %. De feito, a contía achegada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades incrementábase este ano en case un 3 % para facer posible a chegada dun auxiliar máis respecto do curso 2021/22.

O sistema educativo galego contará o vindeiro curso cun total de 637 auxiliares de conversa (nove máis ca en 2021/22), a través deste acordo, así como dos que se establecen co Ministerio no marco do Acordo de cooperación territorial, co Instituto Confucio ou co Instituto Camoes.

A figura da persoa auxiliar de conversa é un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

Edulingüe 2030

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta liña de actuación está enmarcada na nova Estratexia de Educación en linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, que ten como obxectivo para os próximos anos consolidar os programas de éxito desenvolvidos na última década e impulsar accións de alto impacto e especialización vinculados á inclusión, a innovación e a internacionalización. A estratexia está dotada con 83M€ para a súa primeira fase de implantación de catro anos, ata 2025.

O modelo plurilingüe, que arrancou en Galicia no curso 2010/11, está implantado en 465, centros de toda Galicia e acada os 100.000 alumnos beneficiados fronte aos 12.500 con seccións bilingües no curso 2008/09.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS EN 150 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Goberno galego convocará nas próximas semanas axudas por 8,5M€ coas cales financiará a contratación durante nove meses a tempo completo
- A Administración autonómica apoia con esta iniciativa as entidades sen ánimo de lucro que traballan cos colectivos que contan con máis dificultades para atopar un emprego
- Cada entidade beneficiaria recibirá como media máis de 56.600 euros, 16.800 por traballadora ou traballador contratado
- Desde 2009 este programa de axudas permitiu contratar cerca de 9.200 persoas desempregadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 8,5 millóns de euros ao fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro. Por medio desta iniciativa, o Goberno galego outorgará axudas a unhas 150 organizacións que contratarán a arredor de 505 persoas sen emprego, segundo as estimacións feitas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Con esta orde preténdese mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas a través da adquisición da experiencia profesional, fomentando, de paso, a súa inserción no sector dos servizos sociais, xerador potencial de emprego.

As entidades beneficiarias, todas elas inscritas no correspondente rexistro como "iniciativa social", deberán garantir a contratación a tempo completo durante nove meses das persoas desempregadas.

A Xunta estima que cada unha das entidades que resulten beneficiarias na presente convocatoria percibirá un importe medio de 56.666 euros, 16.831 euros por persoa traballadora contratada.

Dos 8,5 millóns de euros, destinaranse prioritariamente 3 millóns á contratación de persoas desempregadas nos denominados proxectos singulares, desenvolvidos por entidades que prestan servizos a outras, a colectivos con máis dunha área de actuación ou con máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O orzamento deste ano é similar ao do ano pasado, en que se concederon axudas a 150 entidades, o que permitiu dar cobertura aos custos de 503 traballadores.

Desde o ano 2009, este programa de axudas permitiu contratar cerca de 9.200 persoas desempregadas (9.186).

É unha prioridade do Goberno galego deseñar e aplicar políticas activas orientadas á atención a colectivos específicos con especiais dificultades de inserción. Esta orde de axudas reflicte que a Xunta conta coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro para contribuír ao desenvolvemento, aproveitamento e potencial económico, social e cultural da comunidade e favorecer a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

A medida forma parte da aposta da Administración autonómica por mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas de Galicia no seo da colaboración institucional e do diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

No ámbito do apoio á contratación para os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo, a Xunta ten en marcha este ano os plans Emprega dirixidos á muller, á mocidade e ás persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social que suman máis de 127,5 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 13 % O ORZAMENTO DAS AXUDAS PARA PROGRAMAS PROMOVIDOS POR CONCELLOS DIRIXIDOS Á PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

- Logo deste incremento, as axudas chegarán aos 2,5 millóns de euros, co obxecto de aumentar o número de concellos que poidan acadar unha subvención e incrementar así a cobertura dos programas
- Esta convocatoria enmárcase dentro do conxunto de actividades que o Executivo galego desenvolve no marco da planificación estratéxica sobre prevención de condutas adictivas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria 2022-2025 de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da nosa comunidade autónoma. A contía das subvencións que poderá conceder a Xunta ascende a 2.513.463 euros, e supón un incremento do 13,55 % respecto da anterior convocatoria, co obxectivo de aumentar o número de concellos que poidan acadar unha subvención e incrementar así a cobertura dos programas de prevención das condutas adictivas en Galicia.

A Consellería de Sanidade introduciu unha serie de cambios nesta nova convocatoria de axudas para actualizala e melloralala respecto á anterior. Entre as máis significativas está a eliminación do límite de proxectos subvencionables, que na convocatoria 2019-2022 se situaba en 40 proxectos. Ademais, introducíronse cambios nos criterios de baremación, ao eliminar o índice de risco epidemiolóxico, xa que se considera que era un indicador que non achegaba información útil á hora de repartir os fondos dispoñibles. Xunto ao anterior, a Xunta reduce as cargas administrativas, ao permitir a remisión das xustificacións económicas a través de arquivos electrónicos en formato folla de cálculo.

As actividades desenvolvidas no marco destas subvencións van permitir potenciar a protección e redución do impacto de factores de risco asociados ao consumo de substancias psicoactivas. Tamén se promocionará a adopción de estilos de vida saudables e de ocupación de tempo libre entre a mocidade galega, ademais de fomentar a función de axentes de saúde das familias e doutros colectivos implicados na prevención. Estas actividades buscan, así mesmo, reducir a incidencia de problemas sociosanitarios relacionados co uso e o abuso de substancias psicoactivas e con certas adicións comportamentais, entre outros obxectivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Hai que sinalar, ademais, que a convocatoria, ao abranguer o período 2022-2025, permite o desenvolvemento de intervencións sostidas no tempo, o que resulta máis eficaz, e promove unha maior estabilidade nos equipos humanos que as levan a cabo.

Na anterior edición desta convocatoria (2019-2022) beneficiáronse das axudas un total de 28 entidades (concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidade de concellos), que agrupan a un total de 100 concellos.

Liñas de actuación

A planificación estratéxica vixente en Galicia en materia de trastornos adictivos segue as prioridades e liñas de actuación definidas tanto pola Estratexia nacional sobre drogas como pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga. Unha das liñas de actuación prioritarias neste ámbito é mellorar a dispoñibilidade e a eficacia dos programas de prevención e fomentar a sensibilización da poboación respecto do risco que supón o consumo de substancias adictivas legais e ilegais e das súas consecuencias. Outra liña incide no esforzo que se debe realizar na implantación de actividades apropiadas ás necesidades específicas de grupos, patróns ou modalidades de consumo específicos, con atención especial a aqueles máis vulnerables e marxinados.

Hai que sinalar que a Consellería de Sanidade constituíu, no pasado mes de abril, os grupos de traballo que elaborarán o Plan de trastornos adictivos de Galicia 2023-2026. Estes grupos están integrados tanto por persoal da Xunta de Galicia con responsabilidades na xestión de servizos vinculados directa ou indirectamente coas condutas adictivas, como por profesionais técnicos de concellos e entidades sociais que traballan no campo das adiccións, da prevención, da asistencia e da incorporación social.

Hai que remarcar, así mesmo, que esta convocatoria de subvencións se enmarca dentro do conxunto de actividades que se desenvolven no marco da planificación estratéxica sobre prevención de condutas adictivas, que inclúe tanto actuacións preventivas como de redución de riscos e diminución de danos, así como medidas legislativas e de vixilancia da normativa vixente en materia de condutas adictivas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 173.000 EUROS AO PROGRAMA DE APOIO AO ACOlLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA DE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

Esta iniciativa permite atender a 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo convenio de colaboración con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que neste ano 2022 contará cun orzamento de 409.000 euros. Desta contía, a Administración autonómica achega 173.000 euros e o resto –236.000 euros– corren a cargo da propia entidade.

A través deste programa poderanse atender 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo que son acollidos por membros da súa propia familia, aos que se lles dá unha atención adaptada ás necesidades de cada caso. Con todos estes fogares realízanse labores de orientación en coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares cando é preciso.

Tamén se desenvolven sesións formativas, que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento, co fin de achegar a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso. O obxectivo é dotar ás familias das ferramentas necesarias para que poidan cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos menores acollidos.

Neste eido, a colaboración da Xunta con Aldeas Infantiles é fundamental desde que esta comezou en 2010 na provincia de Pontevedra e que se fixo extensible a toda a Comunidade Autónoma no ano 2013. Desde ese momento, o programa creceu considerablemente xa que en 2013 apoiaba a 16 menores e este ano chegará a unha poboación oito veces maior.

Acollemento familiar

O acollemento familiar, en especial cando se realiza en familia extensa, é unha modalidade de protección á infancia prioritaria para o Goberno galego, xa que permite que unha familia se faga cargo temporalmente das nenas e nenos cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA DIXITALIZACIÓN, EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORAS NAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS DOS ALBERGUES TURÍSTICOS

- Trátase dunha liña de nova creación, xurdida ao abeiro das necesidades específicas dos albergues turísticos privados, co obxectivo de incrementar e mellorar a calidade dos servizos ofrecidos
- As axudas están destinadas para a instalación e equipamento de sistemas de domótica, illamentos térmicos e acústicos, dixitalización, con axudas para informatización e automatización no *check-in*, xestión de reservas, facturación ou sistemas de control de presenza, entre outros
- Incorpora novos servizos especialmente de cara a promover o turismo familiar nas rutas xacobeas, o Camiño en familia

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ás axudas para investimentos de mellora da calidade dos albergues turísticos mediante a realización de investimentos en dixitalización, eficiencia enerxética e mellora das instalacións e dos servizos. Esta convocatoria conta cun crédito total de 500.000 euros cun importe máximo de subvención do 80 % do investimento solicitado e 6.000 euros por beneficiario.

As axudas están destinadas para a instalación e equipamento de sistemas de automatización de instalacións (domótica) e de eficiencia enerxética. Para melloras das instalacións, como a mellora de illamentos térmicos e acústicos, equipamentos móbiles, reformas e acondicionamentos das unidades aloxativas; así como para dixitalización, con axudas para a adquisición de equipamentos e contratación de servizos para informatización e automatización de procesos do establecemento, no *check-in*, xestión de reservas, facturación ou sistemas de control de presenza, entre outros.

Trátase dunha liña de nova creación, xurdida ao abeiro das necesidades específicas dos albergues turísticos privados, co obxectivo de seguir incrementando a calidade dos servizos ofrecidos e incorporar novos servizos especialmente de cara a promover o turismo familiar nas rutas xacobeas, o Camiño en familia.

Ademais esta liña de axudas contribuirá ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Acción de cohesión en destino "Posta en valor do Camiño de Santiago apostando por un destino seguro, innovador e en familia", aprobado no marco do Plan Xacobeo Next Generation 2021-2022 e dotado con 6,5M€, co obxectivo de promover o Camiño en familia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas os albergues turísticos privados inscritos no REAT, que teñan o seu domicilio social ou un centro de traballo en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTA O ANTEPROXECTO DA OBRA DO NOVO CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS, QUE ESTARÁ CONSTRUÍDO EN 2025 E CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 25 MILLÓNS DE EUROS

- As novas instalacións ocuparán unha superficie de máis de 8.000 metros cadrados no parque empresarial da Sionlla
- O CPD será o elemento central na primeira fase de implantación da estratexia para o uso da tecnoloxía Cloud no sector público autonómico
- O novo CPD mellorará a eficiencia enerxética dos CPD actuais e permitirá duplicar as capacidades de procesamento e almacenamento de datos
- Esta nova infraestrutura aumentará a estabilidade e evitará posibles caídas de servizos críticos
- Será o único CPD das administracións públicas españolas en cumprir coa máxima exigencia mundial de seguridade e dispoñer da certificación Tier-4

A Xunta de Galicia construírá un centro de procesamento de datos no parque empresarial da Sionlla que implicará un investimento de máis de 25 millóns de euros, e está previsto que estea rematado en 2025. As novas instalacións ocuparán unha superficie de máis de 8.000 metros cadrados, garantirán a estabilidade na prestación dos servizos da administración dixital e permitirán afrontar a estratexia para o uso da tecnoloxía Cloud, segundo o informe presentado hoxe no Consello de Goberno.

O novo proxecto unificará nunha mesma superficie o CPD, un centro loxístico conectado cos centros de provisión para a óptima xestión do equipamento tecnolóxico do sector público e salas para persoal técnico de administración dos sistemas e infraestruturas do CPD.

O obxectivo do novo CPD é o de afrontar os retos derivados do aumento das tramitacións administrativas que se fan pola vía telemática, que son xa o 78 % do total. Mellorará a eficiencia enerxética dos CPD actuais e permitirá duplicar as capacidades de procesamento e almacenamento de datos.

A Xunta dispón actualmente dun centro de proceso de datos integral no Gaiás cunha superficie de 1.275 metros cadrados, que alberga 2.500 servidores cunha capacidade de almacenamento de 13 petabytes. A súa posta en marcha en 2012 supuxo un fito tecnolóxico na Comunidade que permitiu modernizar, racionalizar e homoxeneizar a prestación dos distintos servizos dixitais aos cidadáns. O CPDI do Gaiás conta cun CPD

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de respaldo en San Caetano para permitir o mantemento de servizos críticos en caso de incidencias. Non obstante, este CPD carece de posibilidades de ampliación.

O novo centro proporcionará estabilidade á prestación dos servizos públicos e de administración dixital e evitará caídas de servizos críticos como a sanidade, a educación ou a sede electrónica.

O Centro de Datos da Sionlla será o único dunha Administración pública española en cumprir coas maiores exigencias mundiais de seguridade, que certifica o Uptime Institute coa cualificación Tier-4.

As certificacións do Uptime Institute están consideradas o estándar globalmente recoñecido para a fiabilidade e o desempeño xeral dos centros de datos. Actualmente hai máis de 2.012 certificacións emitidas en 109 países, que van desde o primeiro nivel (Tier-1) ata o máis exixente (Tier-4).

No caso da certificación Tier-4, que é que terá o novo centro de datos da Xunta, a cualificación é de "Centro de datos tolerante aos fallos", polo que pode soportar os fallos de calquera dos seus compoñentes que inhabilite a subministración eléctrica ou de refrixeración. A dispoñibilidade é dun 99,995 % e o tempo de indispoñibilidade para o mantemento ao ano é de 52,56 minutos.

O novo edificio contará con placas solares na cuberta, o que permitirá xerar ata un 25 % da potencia consumida mediante enerxía limpa, renovable e non contaminante.

Ao longo deste ano, a Xunta afrontará a posta en marcha da súa Cloud privada, implantará un modelo de gobernanza Cloud e un modelo de contratación de servizos de Cloud pública. A aplicación desta tecnoloxía beneficiará a Administración cun maior aforro de custos, melloras na eficiencia da xestión das infraestruturas de tecnoloxías da información, na compartición de recursos entre os diferentes entes públicos ou na produtividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA LANZARÁ AS PRIMEIRAS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA REALIZAR AUDITORÍAS DAS REDES DE ABASTECIMENTO E MINIMIZAR AS FUGAS DE AUGA

- Explica que o obxectivo destas achegas é reducir á metade os niveis de fuga para que non superen o 20%
- Este venres publicarase a convocatoria das axudas, dotada de 300.000€, que se outorgarán en réxime de concorrència non competitiva e que poden beneficiar ata 45 municipios
- Trátase de apoiar os concellos no diagnóstico das perdas nos seus sistemas de abastecemento e atallar unha das problemáticas que agravaría un eventual episodio de seca
- Os incentivos diríxense ás entidades locais responsables dos sistemas de subministración de auga cunha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes
- O 55 % do importe reservarase para os municipios de ata 5.000 veciños, que son os que teñen maiores dificultades técnicas e financeiras
- Os concellos poderán, a partir destas auditorías, deseñar plans de actuacións para minimizar as perdas de auga e evitar malgastar auga e enerxía, o que tamén suporá aforro de custos ante o incremento constante do prezo da enerxía
- A medida enmárcase na estratexia da Xunta para adaptar a xestión da auga ao cambio climático e estar mellor preparados ante posibles episodios de seca, que ten como un dos principais instrumentos a Lei de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, en vigor desde xaneiro do 2020

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai lanzar a primeira orde de axudas dirixida aos concellos para apoiar a realización de auditorías nas redes municipais de abastecemento de auga encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga destes sistemas, de competencia local. "O obxectivo da Xunta é reducir os niveis de fugas a menos da metade", indicou tras asegurar que de media, as perdas de auga nas redes municipais acadan o 41% -chegando incluso ao 60% nos concellos de menos de 2.000 habitantes-. O Goberno galego márcase o reto de que non superen o 20%.

Rueda resaltou a necesidade de "mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento locais para atallar calquera fuga" e así facer fronte a "a un problema preocupante como é todo que ten que ver coa escaseza ou as perdas de auga e co risco certo de que nalgúñas zonas puidera chegar a haber problemas de desabastecemento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a causa da seca". De aí, resaltou, a importancia de apoiar aos concellos, especialmente aos máis pequenos, para que afronten actuacións nestas instalacións.

O Consello da Xunta abordou hoxe esta convocatoria de axudas dirixidas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento que teñan unha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes. A orde de axudas, que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, conta cun orzamento autonómico de 300.000 euros, reservándose o 55 % do importe a concellos de ata 5.000 habitantes, que son os que teñen maiores dificultades técnicas e financeiras para a correcta xestión dos seus sistemas de abastecemento.

A orde de axudas para este ano 2022 publicarase no *Diario Oficial de Galicia* este mesmo venres, 8 de xullo. As axudas outorgaranse en réxime de concorrència non competitiva, por orde de presentación ata o esgotamento do crédito, e estímase que poden beneficiar un total de 45 municipios.

Con estas axudas o Goberno galego quere apoiar os concellos no labor de optimización do funcionamento dos seus sistemas de abastecemento, mediante un maior control dos caudais que circulan polas redes municipais, co fin de diagnosticar e atallar unha das problemáticas que pode agravar un eventual episodio de seca en Galicia: as fugas de auga nas redes de abastecemento.

A contía total consignada pola Xunta para estas axudas distribuirase entre os concellos solicitantes de acordo coa poboación do municipio, reservándose o 30 % do orzamento total aos municipios de menos de 2.000 habitantes, o 25 % para os de ata 5.000, o 20 % para os de ata 10.000 habitantes, o 15 % para os de ata 20.000, e o 10 % para os concellos de ata 50.000 habitantes.

O importe dos incentivos será do 80 % do investimento subvencionable, establecéndose un límite máximo por solicitude segundo a poboación do municipio. O dito límite oscila entre un máximo de 10.000 €, para os municipios de máis de 20.000 habitantes e ata 50.000 habitantes; e os 6.000 € para os que contan con ata 2.000 veciños. Para o resto dos concellos, fíxase o límite en 7.500 € para os que contan cunha poboación de ata 5.000 habitantes, e 8.000 € para os municipios de ata 10.000 habitantes.

Contido das auditorías

Mediante estas axudas, a Xunta coopera cos concellos na realización dunhas auditorías nas redes de abastecemento municipais que permitirán optimizar o seu funcionamento, reducindo as perdas de auga, cos conseguintes beneficios económicos, ambientais e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sociais. Os concellos poderán así, a partir destas auditorías, deseñar plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, evitando malgastar auga e enerxía e, en consecuencia, malgastar recursos públicos e esenciais.

As auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga son instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes, así como de grande axuda para que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Ademais, nun escenario de incremento constante do prezo da enerxía, a optimización dos recursos hídricos captados e potabilizados, reducindo as perdas de auga, resulta unha medida que pode contribuír dun xeito moi eficaz a reducir os custos nas explotacións dos abastecementos e redundar positivamente na cidadanía a través dunhas tarifas da auga máis axustadas.

Con fin de facilitar e homoxeneizar o traballo realizado polos responsables dos sistemas de abastecemento, Augas de Galicia redactou unhas recomendacións para a elaboración das auditorías de abastecemento e plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, establecendo uns contidos mínimos acordes cos da convocatoria de axudas.

As auditorías municipais incluírán os sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de augas e deberán incluír unha descrición detallada do sistema de abastecemento do concello.

Deste xeito, entre outros aspectos, conterá unha explicación do funcionamento do sistema de abastecemento, un inventario dos elementos singulares, información sobre as redes de abastecemento, os núcleos de poboación e zonas a que se subministra auga, e documentación gráfica de detalle do sistema de abastecemento do concello.

A auditoría tamén incluírá o volume medio de auga captada e subministrada á rede de abastecemento, o número de usuarios conectados diferenciados por tipoloxía e os tipos de consumos de auga; así como un balance hídrico de todo o sistema de abastecemento, tendo en conta a auga captada, a auga rexistrada e a auga non rexistrada.

Finalmente, deberá contar cun plan de actuacións aprobado polo Concello para minimizar as perdas de auga dos sistemas de abastecemento á poboación nos seguintes catro anos, dando cumprimento á disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. O seu contido, deberá incluír, como mínimo, as medidas para a redución dos consumos autorizados non rexistrados, para a redución das perdas aparentes: erros de medición, erros de lectura, consumos non autorizados, e as medidas e actuacións para a redución das perdas reais.

Todas as medidas propostas deberán estar totalmente definidas e detalladas coa súa localización concreta, valoradas economicamente e programadas temporalmente no prazo de 4 anos desde a aprobación en pleno. O plan de actuacións conterá un estudo económico que valore os investimentos que se van realizar e a recuperación económica esperada en termos de redución das perdas de auga.

Lei de medidas de garantía de abastecemento

O Goberno galego segue a traballar nas distintas liñas para adaptar a xestión da auga ao cambio climático e reducir a vulnerabilidade da poboación galega ante os eventos de seca, entre as máis relevantes cabe salientar a Lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, que está en vigor desde xaneiro do 2020.

Esta lei ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o seu aproveitamento, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

Este obxectivo exige un coñecemento exhaustivo do funcionamento dos sistemas de abastecemento e da adopción de medidas anticipatorias por parte dos responsables destes. Por este motivo, a dita lei establece, entre outras, diferentes obrigas para as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación.

Dunha banda, a obriga de instalar contadores homologados de medición de consumo de auga en todos os puntos de captación ou de subministración en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da lei. Para a axuda ao cumprimento desta obriga, a Xunta convocou no ano 2021 axudas para a adquisición e instalación de equipamentos de medición do caudal, por un importe total de 500.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E, doutra banda, a obriga de levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, obxecto da a orde de axudas autorizadas hoxe polo executivo autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN NOVO PROXECTO DE BIBLIOTECAS MÓBILES PARA ESTENDER O SERVIZO ÁS ZONAS RURAIS

- Explica que o obxectivo desta medida é achegar o préstamo de libros e material audiovisual aos concellos que aínda non contan con este servizo
- É a primeira medida posta en marcha ao abeiro do II Mapa de bibliotecas que se aprobou en maio e permite orientar a acción pública neste eido
- Implantarase de xeito piloto nun total de 20 concellos das comarcas dos Ancares, A Fonsagrada, Sarria, Verín e A Limia, que visitará dúas veces ao mes
- Situarase nas zonas máis concorridas dos municipios e tamén realizará un percorrido polas aldeas para ofrecer un servizo personalizado porta a porta
- A Xunta continúa así reforzando o sistema bibliotecario galego ao cal dedica este ano máis de 2M€ para mellorar as coleccións, dotar de recursos electrónicos, levar a cabo actividades de dinamización da lectura ou formación

O presidente da Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras a reunión do Consello da Xunta a posta en marcha dun novo servizo de bibliotecas móbiles de Galicia, unha iniciativa que permitirá estender estes servizos a toda a cidadanía galega. O 67% dos concellos galegos contan cun servizo fixo de biblioteca municipal, o que supón que estes recursos chegan ao 94% da poboación. "Pero aínda queda algo menos dun tercio dos municipios sen estes servizos. O que queremos é achegarlles estes recursos aos concellos máis pequenos", sinalou durante a rolda de prensa.

"Esta iniciativa poñerase en marcha de forma piloto en 20 concellos de Lugo e Ourense", indicou o titular da Xunta, que explicou que a Biblioteca Móbil de Galicia constará dunhas furgonetas que se desprazarán dúas veces ao mes a cada un dos concellos. Organizarase de xeito que un dos días se asente nos lugares de maior afluencia de público onde se celebran as feiras e mercados, centros de saúde, residencias, pavillóns de deportes ou centros socioculturais. O outro día realizará un percorrido polos núcleos e aldeas en que poida ofrecer un servizo máis personalizado porta a porta.

Terá unha colección que inicialmente partirá duns 500 exemplares. Ademais de libros ofreceranse películas, música, xogos físicos e dixitais, publicacións periódicas como revistas e pasatempos. As coleccións irán medrando conforme avance o tempo de prestación do servizo e tamén poderán verse complementadas polos materiais das bibliotecas centrais territoriais de referencia en cada caso (Lugo e Ourense) a través do préstamo interbibliotecario. Terá unha programación cultural de periodicidade estable que inclúa clubs de lectura, contacontos, encontros con autores locais, entre outras,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para o que se buscará a colaboración cos centros educativos, tanto a través de equipos docentes como a través das bibliotecas escolares, así como co tecido asociativo.

Ofrecerá servizos como expedición de carnés de usuario, préstamo e devolución, formación nos sistemas de préstamos dixitais, así como distintas actividades de formación. Terá conexión á internet, equipamentos informáticos portátiles e impresora tanto para a persoa encargada da prestación do servizo como para o uso dos usuarios. Tamén haberá táblets, consolas e lectores de libro electrónico para o préstamo aos usuarios. Para o seu correcto funcionamento, contará con persoal estable cun perfil técnico especialista en lecer educativo e animación sociocultural. Cada biblioteca móbil contará cun punto central de referencia para a agrupación e concellos en que se desenvolva, que servirá como sede do traballo administrativo relativo á biblioteca e que será coordinado coas autoridades municipais.

Espazo aberto á comunidade

Servirá como un espazo aberto a toda a comunidade, e deberá apoiar a toda a veciñanza na adquisición e aplicación de capacidade. Servirá tamén como recurso de apoio á aprendizaxe e favorecedor da creatividade mediante a súa programación dinamizadora a través de diferentes accións.

En Lugo implantarase nas comarcas dos Ancares, A Fonsagrada e Sarria, comprendendo un total de 10 concellos: Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela. Cubrirá as necesidades e demandas de aproximadamente 10.000 persoas. No caso de Ourense implantarase nas comarcas de Verín e A Limia, tamén en 10 concellos: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra, Trasmiras e Vilardevós para dar servizo a 12.200 persoas.

Trátase da primeira medida que xurde ao abeiro do II Mapa de bibliotecas públicas, a ferramenta de planificación que se aprobou en maio e que permite orientar a acción pública neste eido, en cumprimento da Lei de bibliotecas de Galicia.

Nestes momentos, o proxecto está en fase de desenvolvemento. Nos vindeiros meses presentarase nos concellos, conformarase e catalogarase a colección estable, contactarase cos concellos para establecer rutas e días de prestación do servizo e adjudicarase o contrato de servizo que conta cun orzamento global de preto de 200.000€. O informe presentado en Consello da Xunta comprende unha calendarización que estima a súa posta en marcha nos vindeiros meses.

Con esta medida, a Xunta continúa a reforzar o sistema bibliotecario galego que, segundo identifica o II Mapa de bibliotecas públicas, está composto por un total de 295

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

servizos bibliotecarios con máis de 6,6 millóns de exemplares, 17.000 postos de lectura e máis de 4.100 postos informatizados.

Enmárcase nas medidas da Xunta para o sector bibliotecario cun orzamento que supera os 2M€ en distintos programas para impulsar a Rede de bibliotecas públicas para o crecemento e actualización das coleccións e dotación de recursos electrónicos, para a dinamización da lectura, para a mellora de infraestruturas culturais dos concellos ou para a formación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DEMANDA AO MINISTERIO DE SANIDADE O DESBLOQUEO DE MEDIDAS PARA PALIAR O DÉFICIT DE MÉDICOS

- O manifesto impulsado pola Consellería de Sanidade e o Goberno Vasco foi abordado esta mañá na reunión semanal do Executivo galego
- Os gobernos autonómicos de País Vasco, Cataluña, Andalucía, Murcia e Castela e León; que representan a máis do 48% da poboación española, respaldan as principais peticións reiteradas pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para resolver a situación de falta de médicos
- O Ministerio de Sanidade ten convocado para o 26 de xullo unha reunión extraordinaria do pleno da Comisión de Recursos Humanos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde na que se agarda que se debatan estas medidas
- A resposta da ministra de Sanidade ao envío do manifesto só inclúe alusións a medidas con efectos a moi longo prazo, sen expresar compromisos coas medidas de choque para solucionar a problemática urxente que afecta á atención primaria de toda España

O consello da Xunta vén de abordar un informe sobre o impacto do manifesto remitido pola Consellería de Sanidade, e asinado xunto co Goberno Vasco, no que se demanda ao Ministerio de Sanidade a necesidade de tomar decisións de forma urxente para solucionar a carencia de médicos que sofre o Sistema Nacional de Saúde.

Durante a súa intervención, Rueda subliñou que este documento xa foi apoiado polos gobernos autonómicos de País Vasco, Cataluña, Andalucía, Murcia e Castela-León; e que agarda que sexa apoiado por máis comunidades autónomas, de distinto signo político, nos vindeiras datas.

O mandatario galego instou de novo ao Ministerio de Sanidade a desbloquear todas as medidas que resulten necesarias para atallar o problema crónico de déficit de especialistas no sistema sanitario público nacional. Así, puxo o foco principalmente en dúas demandas fundamentais que xa foron trasladadas en reiteradas ocasións pola Xunta ao Goberno central: a convocatoria dun maior número de prazas MIR e a creación da especialidade de Medicina de Urxencias.

O presidente incidiu en que a resposta ao manifesto dada pola ministra de Sanidade, Carolina Darias, soamente achega solucións a longo prazo, sen expresar compromisos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coas medidas de choque que se precisan para solucionar a problemática urxente que afecta á atención primaria en toda España.

O Ministerio de Sanidade non achega solucións inmediatas

O pasado martes, 5 de xullo, o Ministerio de Sanidade respondeu ao manifesto remitido e asinado polos conselleiros de Galicia e o País Vasco, trasladando simplemente solucións a longo prazo.

En concreto, achegou a proposta de aumentar nun 10% as prazas das facultades de Medicina, unha medida que non atalla a raíz do problema, pois o déficit existente en España non é de titulados senón de especialistas, co que os atrancos non están no sistema de formación universitaria senón no de formación sanitaria especializada (sistema MIR). Ademais, de apostar unicamente pola ampliación de prazas das facultades, unha conxuntura na que a incorporación de novos profesionais dilataríase ata dentro de dez anos.

En segundo lugar, a aprobación próxima dun 'Real Decreto polo que se regule a formación transversal das especialidades en Ciencias da Saúde', a través do que se podería tramitar a creación dunha futura especialidade de medicina de urxencias e emerxencias.

Por outra banda, remítese á tramitación ordinaria da elaboración da orde reguladora anual da convocatoria de Formación Sanitaria Especializada, sen asumir a demanda das comunidades autónomas (e pendente desde 2018) de que, previamente a esa nova tramitación, é preciso acometer unha profunda reforma da normas que rexen o proceso de acreditación de prazas formativas e que están limitando a capacidade do sistema de formar novos especialistas.

Por último, o Ministerio de Sanidade insta a abordar os temas expostos nunha reunión monográfica do Consello Interterritorial e, ao tempo, remite ás comunidades autónomas unha convocatoria urxente (aínda sen orde do día definido) do pleno da Comisión de Recursos Humanos do Consello Interterritorial, fixando a súa celebración o vindeiro día 26 de xullo.

Incumprimento dos acordos acadados en 2018

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia lamenta a falta de cumprimento dos acordos acadados, de xeito unánime, no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 28 de abril de 2018. Naquela xuntanza, o conxunto de responsables sanitarios nacionais ratificaban a necesidade de modificar a Lei de ordenación das profesións sanitarias, para establecer un procedemento máis áxil e flexible co obxecto de acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada. Por outra banda, tamén existe o compromiso por parte do Ministerio para impulsar o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.

Desde entón, a Xunta de Galicia insistiu en numerosas ocasións na necesidade de acometer esa reforma do sistema de acreditación de prazas formativas co obxectivo de incorporar prazas extraordinarias de medicina familiar e comunitaria ás convocatorias MIR e compensar así as previsións de xubilación para estes anos.

Así mesmo, e tras ser aprobado polo Parlamento de Galicia en decembro de 2020, a Xunta foi instada a demandar do Goberno central "a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias, con tramitación preferente e independente da que corresponda a un novo decreto de troncalidade".

De acordo ás competencias autonómicas, a Xunta está a adoptar todas as medidas que están ao alcance da súa man, como é o caso do acordo unánime acadado cos sindicatos –en Mesa Sectorial– a pasada semana, e na que se recolleron medidas e melloras retributivas para os profesionais galegos.

Por este motivos, a Xunta de Galicia elaborou co Goberno Vasco o texto dun manifesto no que se reclama do Goberno de España a toma de decisións urxentes nas súas competencias exclusivas e que afectan á formación dos especialistas en medicina de familia, que tanto necesitan todos os sistemas de saúde autonómicos.

De feito, o "Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035", presentado polo propio Ministerio no último Pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde identifica a especialidade de medicina familiar e comunitaria como a especialidade con peores prognósticos de déficit.

Neste sentido, o Goberno galego e o Goberno vasco coinciden na diagnose do problema, nas propostas e na urxencia das mesmas, apuntando que "non hai agora mesmo na sanidade española un problema máis urxente, nin unha necesidade máis perentoria".

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 5.000 HECTÁREAS ESTÁN SENDO MOBILIZADAS A TRAVÉS DA LEI DE RECUPERACIÓN NO SEU PRIMEIRO ANO DE VIXENCIA

- O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións que se están levando a cabo para o desenvolvemento dos diferentes instrumentos de mobilización de terras
- Deste total de superficie, 4.531 ha corresponden a 15 polígonos agroforestais e 523 ha a aldeas modelo
- Ademais, a Consellería -a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural- recibiu un total de 34 solicitudes para polígonos agroforestais de iniciativa privada, os cales supoñen máis de 1.300 hectáreas para mobilizar

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións que se están levando a cabo para o desenvolvemento de polígonos agroforestais. Así, un total de 5.054 hectáreas de terreo están sendo mobilizadas no primeiro ano de vixencia da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Neste senso, deste total de hectáreas, 4.531 ha corresponden a polígonos agroforestais e 523 ha a aldeas modelo. Entre ambos os instrumentos de recuperación estanse a beneficiar case 7.000 propietarios dunhas 28.000 parcelas.

Polígonos de iniciativa pública

Hoxe en día, dos 15 polígonos de iniciativa pública existentes en Galicia, 10 están xa iniciados e cinco están en fase de actuacións previas. Estes 10 polígonos xa iniciados supoñen a recuperación de 4.114 ha.

Así, os máis adiantados son os de Oímbra (con 64 hectáreas e unhas 70 parcelas de 70 propietarios) e Cualedro (preto de 22 hectáreas e unhas 70 parcelas de 73 propietarios), para os que xa se tramitou a declaración de utilidade pública. Nela establécense como usos e actividades admisibles para o polígono de Oímbra os cultivos agrícolas de ciclo curto e a gandería en extensivo, ademais de árbores froiteiras como actividade secundaria. No caso de Cualedro, establécense como actividades a gandería en extensivo e os cultivos complementarios.

Nos outros oito polígonos, téñense practicamente rematados os estudos de viabilidade, nos cales se propoñen diferentes usos ou actividades para cada un deles, destacando os cultivos de horta, viñado e forestal. Estes polígonos son os de Remuíño en Arnoia (224

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ha e 6.753 parcelas), Barzamedelle en Leiro (146 ha e 183 parcelas), Pousada en Riós (94 ha e 663 parcelas), Vences en Monterrei (22 ha e 535 parcelas), Solbeira en Paderne de Allariz (43 ha e 317 parcelas), Vilalén-Tomonde en Cerdedo-Cotobade (68 ha e 1.534 parcelas), Mandelos en Crecente (45 ha e 391 parcelas) e Santaia-Foxado en Curtis (3.386 ha e 6.161 parcelas).

Ademais, hai outros cinco polígonos de iniciativa pública nos cales se iniciou un procedemento de actuacións previas, que suman 417 hectáreas e máis de 2.500 parcelas de máis de 1.500 propietarios.

En calquera caso, cómpre matizar que a Xunta busca desenvolver polígonos en zonas en que exista vontade e interese por parte dos propietarios e da xente do lugar, xa que a Lei de recuperación establece como un tipo de zonas preferentes para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública aquelas en que desde o inicio se conta co acordo dos propietarios de máis do 70 % da superficie. Por este motivo, a Xunta colabora coas distintas administracións locais co fin de localizar ámbitos nos cales se poida dar esta condición.

Polígonos de iniciativa privada

En abril do ano pasado, a Consellería do Medio Rural lanzou unha manifestación de interese en que se preguntaba expresamente pola necesidade de terra para o desenvolvemento das actividades agrarias.

A través desta convocatoria recibíronse un total de 1.244 enquisas simplificadas sobre demanda de terra agraria e 255 proxectos completos para o sector agrario galego. A partir dos datos incluídos nestas propostas puidéronse xeolocalizar 991 solicitantes e 21.321,7 ha delimitadas xeograficamente.

Neste senso, cabe sinalar que a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, recibiu un total de 34 solicitudes para polígonos agroforestais de iniciativa privada que supoñen máis de 1.300 hectáreas a mobilizar.

Aldeas modelo

Así mesmo, cabe indicar que outro instrumento de mobilización e recuperación de terras que ofrece a Lei de recuperación son as aldeas modelo. Nesta liña, cómpre indicar que xa están declaradas en Galicia un total de 19 aldeas modelo que suman a recuperación de 523 hectáreas de terra agraria. Así mesmo, actualmente estase traballando na recollida de sinaturas para outras nove aldeas que sumarían outras 220 hectáreas de superficie.

Todos estes instrumentos de mobilización de terras regulados pola Lei de recuperación, entre eles os polígonos agroforestais e as aldeas modelo, contribúen a un uso máis

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eficiente e sustentable da terra agraria a través da ordenación dos usos do solo rural e da minoración dos predios abandonados (co beneficio que isto supón para a loita contra incendios e o ambiente). Desta forma, contribúese á orientación das explotacións cara a unha produción competitiva e sustentable que eleve, consecuentemente, o nivel de vida dos profesionais do sector primario de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS LONXAS GALEGAS ACADARON REXISTROS HISTÓRICOS NA PASADA CAMPAÑA DA CENTOLA CON PRETO DE 700.000 QUILOS COMERCIALIZADOS

- O volume de capturas poxado é o maior desde 1997 e un 7 % superior ás cifras acadadas na campaña anterior, o que mostra o bo estado do recurso en augas galegas
- O Consello da Xunta analizou un informe que reflicte que os ingresos das primeiras vendas tamén medraron, deixando unha facturación de máis de 6 millóns de euros
- A lonxa da Coruña foi a que máis quilos comercializou (172.000), seguida das de Ribeira (105.000) e do Grove (94.300)
- Actualmente está en marcha a veda da centola no marco do plan de xestión para a campaña 2022-2023, unha prohibición que se estenderá ata o mes de novembro

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre os resultados da campaña da centola en 2021-2022 a partir dos datos de primeira venda deste recurso nas lonxas e centros de venda autorizados de Galicia que reflicten os mellores datos en canto a capturas da serie histórica, que se remonta a 1997. A poxa desta especie acadou neste período cifras récord ao comercializarse máis de 676.000 quilos, o que confirma o bo estado do recurso en augas galegas, onde está sometido todos os anos a un plan de xestión aprobado pola Administración en consenso co sector.

Estes preto de 700.000 quilos supoñen un incremento do 7 % con respecto á anterior campaña 2020-2021, que tamén resultou ser unha das mellores desde que se teñen rexistros. En termos de ingresos, os centros de primeira venda facturaron preto de 6 millóns de euros, cun incremento tamén próximo ao 7 %.

Na pasada campaña participaron preto de 850 embarcacións de artes menores que descargaron unha media global de 3.500 quilos de centola ao día, co que a media por buque se situou nos 800 quilos. Estes datos tamén convierten a campaña que acaba de rematar -a veda comezou o pasado 25 de xuño nas provincias da Coruña e Pontevedra e na de Lugo o pasado día 2- na máis eficiente da serie histórica.

Estes resultados dan continuidade á evolución das vendas deste crustáceo nos últimos anos, o que apunta a un bo estado biolóxico da especie froito das medidas de xestión adoptadas. A actividade derivada da captura desta especie contribúe a dinamizar os portos e a xerar actividade no sector hostaleiro, o que repercute na xeración de riqueza tanto a nivel local como no conxunto de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os plans de xestión aplicados nos últimos anos, nos cales se inclúen as vedas, contribuíron a aumentar a biomasa reprodutora ao axustar a pesqueira ao ciclo de vida das especies, protexendo así a súa reprodución e favorecendo unha explotación máis sustentable. Para a elaboración dos ditos plans, a Consellería do Mar traballa co sector pesqueiro e marisqueiro (representado polas federacións provinciais de confrarías da Coruña, Lugo e Pontevedra) e os informes técnicos realizados para tal efecto.

De feito, actualmente está en marcha a veda da centola da campaña 2022-2023, polo que nas provincias da Coruña e Pontevedra está expresamente prohibida a captura desta especie ata o vindeiro 6 de novembro e na de Lugo, ata o 27 dese mesmo mes.

Resultados por lonxas

O informe da Consellería do Mar destaca que, dos preto de 700.000 quilos de centola que se comercializaron nas lonxas galegas na campaña 2020-2021, a maioría pertencen a lonxas da provincia da Coruña (385.600 quilos), seguidas das da provincia de Pontevedra (265.000 quilos) e das de Lugo (25.900 quilos). Por centros, a lonxa da Coruña foi a que máis cantidade despachou (172.000 quilos), seguida das de Ribeira (105.000 quilos) e O Grove (94.300 quilos).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA